



Ourense Vía da Prata - Camiño Mozárabe

Oficina Municipal de Turismo

Rúa Isabel La Católica, 2
Xardíns Padre Feijóo
turismo@ourense.es
T: 988 366 064
GPS Lat 42.337392
Lon -7.865214

Urxencias 112
Urxencias Sanitarias 061
Bombeiros 080
Incendios Forestais 085
Policia Nacional 091
Policia Municipal 092
Garda Civil 062

Teletaxi
988 210 011

Ferrocarril
912 320 320
www.renfe.es

Estación Autobuses
988 216 027



Información

Ourense recibe o peregrino no núcleo rural de **Seixalbo (1)**, un Conxunto de Valor Etnográfico que aínda conserva a súa traza medieval. Desde aí, o Camiño entra na cidade polo sur, atravesando a avenida de Zamora e a rúa Progreso até **As Burgas (2)**, os mananciais termais onde naceu a cidade. Todo peregrino debería deterse aquí: sorprenderse coa temperatura destas augas (máis de 60°C), gozar dun baño na piscina termal e visitar o centro de interpretación para descubrir a relación das fontes co Camiño.

Unha suave subida leva ao **Albergue de Peregrinos (3)**, que ocupa un fermoso edificio rehabilitado no corazón do Centro Histórico. Un pouco máis arriba atópase a **Praza Maior (4)**, na que chaman a atención os seus soportais e planta inclinada. Desde aquí espéitase xa a **Catedral de San Martiño (5)**, templo románico de transición onde destacan a capela do Santo Cristo e o fermoso e colorista Pórtico do Paraíso. Nas súas rúas contiguas atópase a zona dos **Viños (6)**, ideal para descubrir o mellor da gastronomía local.

O Camiño continúa pola popular rúa do Paseo até a **Ponte Romana (7)**, a máis antiga da cidade. Tras cruzala, hai varias alternativas.

O desvío leste condúcenos pola Avenida de Santiago para tomar o antigo Camiño Real até a aldea de **Cudeiro**. O desvío oeste, pola súa banda, segue o trazado da estrada N-120 até a costa de **Canedo**. Tamén é posible, unha vez cruzada a Ponte Romana, tomar o **paseo termal del río Miño (8)**, onde gozar dun reconfortante baño. Esta variante conecta en Quintela co desvío oeste.



- Albergue
- Albergue privado
- Hotel
- Pensión
- Oficina de Turismo
- Reparación de bicicletas
- Policía
- Posto de Socorro
- Hospital
- Autobuses
- Estación de tren
- Gasolinera

- 8 Termas do río Miño**

N 42° 20' 49.77"
O 7° 55' 5.134"
- 7 Ponte Romana**

N 42° 20' 37.438"
O 7° 52' 7.107"
- 6 «Os Viños»**

N 42° 20' 15.425"
O 7° 51' 47.96"
- 5 Catedral de San Martiño**


N 42° 20' 10.823"
O 7° 51' 46.723"
- 4 Praza Maior**

N 42° 20' 8.771"
O 7° 51' 50.056"
- 3 Albergue de peregrinos**

N 42° 20' 7.128"
O 7° 51' 51.136"
- 2 As Burgas**

N 42° 20' 4.884"
O 7° 51' 55.448"
- 1 Seixalbo**

N 42° 18' 17.958"
O 7° 51' 23.063"





Ourense

Vía da Prata - Camiño Mozárabe

Vía da Prata Camiño Mozárabe

A Vía da Prata ou Camiño Mozárabe provén do sur da Península Ibérica, conectando Sevilla con Santiago de Compostela. É o itinerario xacobeo máis extenso en Galicia e reúne unha ampla variedade de paisaxes e patrimonio histórico que o dotan de excepcional beleza.

A súa orixe remóntase a unha antiga calzada romana que unía Mérida con Astorga. A vía mantívose viva durante a Idade Media, primeiro cos visigodos e logo baixo a dominación islámica (de feito, o nome Vía da Prata vén do árabe «bal'latta»).

Posteriormente os cristiáns mozárabes utilizaríana para peregrinar a Santiago desde Andalucía e Estremadura.

Desde La Granja de la Moreruela (Zamora) este camiño entra en Galicia pola Gudiña, onde se pode escoller entre dous itinerarios (un por Laza e outro por Verín) que logo se unen en Ourense, primeira e única cidade galega antes de Santiago.

Desde Ourense 100 quilómetros nos separan da capital xacobe, o mínimo a pé requirido para conseguir a Compostela.

A Credencial do peregrino



A credencial é o pasaporte que identifica ao peregrino e lle permite aloxarse nos albergues do Camiño. É precisa para obter a **Compostela**, documento que outorga el cabido de Santiago aos peregrinos que realizaron un mínimo de 100 km a pé ou de a cabalo e 200 km en bicicleta. Debe selarse como mínimo 2 veces por etapa.

En Ourense pode obterse en:

- Catedral de San Martiño
- Asociación de Amigos do Camiño (Tel. 988 391 110)

Sinalización



A **frecha amarela** é o sinal máis común que atopamos no Camiño, indicando a dirección para seguir. A **cuncha de vieira** é o emblema xacobeo por excelencia, un símbolo da vida e da auga que representa a converxencia dos múltiples Camiños de Europa en Santiago. Identifica só o percorrido do Camiño, non a dirección.

Na provincia atopamos tamén as singulares «pedras» do escultor Nicanor Carballo, cada unha diferente.

O Camiño ata Compostela



En Ourense



Albergue de peregrinos de Ourense na rúa da Barreira

Termas e peregrinacións

As augas termais de Ourense son desde hai séculos fonte de benestar para o peregrino. Xa na época romana a *Civitas Auriensis* recibía os viaxeiros que acudían ás **fontes das Burgas**, atraídos pola fama das súas augas; un costume que se manterá na Idade Media coas peregrinacións a Compostela.

A devoción polas augas das Burgas conéctaa coa **Catedral de San Martiño**, onde as lendas sitúan a orixe dos mananciais aos pés do Santo Cristo.

Os peregrinos de hoxe continúan a gozar da paz e as bondades das augas de Ourense, tanto nas Burgas como nos **espazos termais nas beiras do río Miño**.

Información práctica



Horario de monumentos e lugares de interés
<https://www.turismodeourense.gal/horarios>



Axenda cultural
<https://visita.ourense.gal>



Rutas xeolocalizadas
<https://turismodeourense.gal/inspire/camino-de-santiago/rutas>

Onde durmir

Seguindo a tradición da hospitalidade xacobe, o albergue de peregrinos de Ourense atópase ao pé do Camiño. Ocupa un fermoso edificio na rúa Barreira, en pleno centro histórico e a só uns metros da Praza Maior e os mananciais termais das Burgas, co seu recinto de baño.

Para os que buscan un aloxamento alternativo, a cidade conta cunha oferta ampla e variada: hoteis, albergues de habitación compartida, pensións, vivendas de uso turístico, etc.

Pódese consultar a relación completa de aloxamentos en www.turismodeourense.gal.

Albergues

Albergue de Peregrinos
Barreira, 12
Horario de admisións: 13.00 h - 22.00 h
Imprescindible presentar a credencial de peregrino.

Albergue Augas Quentes
Vicente Risco, 36
Tel. 609 909 112
www.grelhostel.com

Grel Hostel
Pena Trevinca, 40
Tel. 988 614 564
www.albergueaugasquentes.com

Consellos para o Camiño

- Planifica ben as etapas en función das túas posibilidades físicas e dos esforzos, realizando descansos frecuentes.
- Viaxa coa túa tarxeta da Seguridade Social ou a Tarxeta Sanitaria Europea. Se procedes de fóra da Unión Europea, é recomendable informarse sobre os convenios en materia sanitaria.
- Utiliza roupa lixeira e axeitada á época do ano.
- Protexe a cabeza e os ollos do sol, e usa crema protectora.
- Leva sempre un chvasqueiro lixeiro que cubra a mochila.

- O coidado dos pés é fundamental. Emprega calzado cómodo e xa usado, con sola grosa e lixeira. Os calcetíns, que sexan de fío ou algodón.
- Mantente sempre ben hidratado e repón forzas.
- Non te apartes da senda sinalizada. Respecta as normas de circulación e camiña sempre pola marxe esquerda da calzada.
- Se vas de a cabalo ou pretendes deixar o coche en Ourense, recoméndase contactar previamente coa Policía Local. (Tel. 988 388 138)



Ourense
Vía da Prata - Camiño Mozárabe

O Camiño de Santiago

Itinerario Cultural Europeo

Concello de OURENSE

ourense

www.turismodeourense.gal

capitaltermal

